

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 7 DE DECEMBRO DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos cales se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se regula o potencial de produción vitícola de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración que se subscribirá entre a Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello do Grove (Pontevedra), para a realización das obras de construción dun pavillón polideportivo municipal no Monte da Vila, O Grove, por importe de un millón trescentos cincuenta mil setecentos noventa euros con oitenta e dous céntimos (1.350.790,82 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do protocolo de colaboración tecnolóxica entre o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a adhesión do concello de Nogueira de Ramuín (Ourense) á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.
- Acordo polo que se declara o proxecto sectorial do parque empresarial de Cerceda (A Coruña) como de incidencia supramunicipal.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e a Fundación Centro Tecnolóxico de Eficiencia e Sostibilidade Enerxética (Energylab) para a realización do proxecto demostrativo titulado “Aplicación de sistema de alimentación híbrida en buque de pesca”, por importe de setecentos tres mil euros (703.000,00 euros).
- Acordo polo que se declara o “proxecto sectorial de ampliación da estación de ITV do Espírito Santo, Sada (A Coruña)” como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Sober para a remodelación do miradoiro do canón do Sil Cotarro I en Sober (Lugo), por importe de cento setenta e seis mil setecentos noventa e catro euros con sesenta e sete céntimos (176.794.67 euros).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Lousame para a rehabilitación dun edificio cafetaría nas Minas de San Fins-Lousame (A Coruña), por un importe de douscentos cincuenta e seis mil catrocentos cincuenta euros con trinta e tres céntimos (256.450,33 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre solo empresarial.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe dos resultados da implantación da nova estratexia na xestión e control da incapacidade temporal (IT).

EDUCACIÓN REGULA POR PRIMEIRA VEZ A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO GALEGO

- *O decreto de atención á diversidade ten como gran obxectivo dar resposta ás singularidades de cada alumna e cada alumno, potenciando a atención á diversidade do alumnado en contornos inclusivos e coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais*
- *O texto fai unha aposta pola permanencia do alumnado no sistema educativo, promovendo o control do absentismo, abandono escolar temperán e desescolarización*
- *A Consellería impulsará as medidas proactivas fronte ás reactivas, mediante a detección e intervención temperá procedente e explotando todo o potencial de aprendizaxe das medidas de carácter ordinario e normalizador*
- *O decreto procura a escolarización coas máximas garantías para o alumnado con necesidades educativas especiais, regulando, ademais, o ensino en aulas hospitalarias e as accións para a escolarización do alumnado en situacións excepcionais como o sometido a medidas de responsabilidade penal, afectado por violencia de xénero, acoso escolar, ou das menores embarazadas, entre outras*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regula por primeira vez a atención á diversidade do alumnado galego a través do decreto de atención á diversidade, aprobado hoxe polo Consello da Xunta. Desta forma, o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad dá cumprimento ao seu compromiso de buscar a maior calidade no sistema educativo galego na procura de que cada alumna e alumno obteña o máximo desenvolvemento das súas capacidades.

De feito, o obxectivo deste decreto é conseguir que ningunha circunstancia persoal ou social sexa motivo de discriminación ningunha no sistema educativo. Neste sentido, o decreto favorece que os centros docentes ofrezan unha resposta educativa que compense as diferenzas individuais de todo o alumnado, no marco dos principios de normalización e inclusión e desde a consideración da diversidade como un elemento enriquecedor para o conxunto da sociedade.

Novidades do texto

O texto, que derroga o Decreto 320/1996, do 26 de xullo, de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidade educativas especiais, define o absentismo, abandono escolar temperán e desescolarización (non matriculación) e regula a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e a dos que estudan en aulas hospitalarias. Ademais, e tamén con carácter de novidade, o texto regula as accións para a escolarización do alumnado en situacións excepcionais como o sometido a medidas de responsabilidade penal, de protección e tutela, ou que está afectado por violencia de xénero, acoso escolar ou pertencente a familias itinerantes. Do mesmo xeito, e en cumprimento da Lei 5/2010, pola que se establece e regula unha rede de

apoio á muller embarazada, a consellería apoiará a continuación dos estudos das menores embarazadas e dos pais do seu fillo.

Desta forma procúrase a maior permanencia do alumnado no sistema educativo, a súa promoción e o éxito escolar. Para isto o decreto prevé o impulso de medidas proactivas de detección e prevención das devanditas situacións, en colaboración con institucións, organismos especializados e familias. Estas iniciativas terán a súa base nas medidas de formación inicial e permanente do profesorado, incluíndo a atención á diversidade entre as liñas prioritarias dos plans de formación para os docentes.

Outra das novidades do decreto é o establecemento da estrutura e os procesos de seguimento e a avaliación do Plan xeral de atención á diversidade de cada centro. Neste documento, que será elaborado polos departamentos de orientación, presentado ante do claustro do profesorado e aprobado polo consello escolar, concretaranse todas as actuación e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

En consonancia coas prácticas de avaliación e mellora continua da calidade que está a realizar a Consellería de Educación en todos os seus programas, o Plan Xeral de Atención á Diversidade será avaliado e sometido a revisión anual para incorporar nel as pertinentes melloras.

Prioridade á escolarización ordinaria

Respecto do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, o decreto establece as medidas ordinarias e extraordinarias para a súa escolarización, dando prioridade ás primeiras e reservando as segundas para os casos en que se teñan esgotado as ordinarias, e en que estea avalado por un informe do servizo de orientación. De igual xeito, dáse prioridade á escolarización en centros ordinarios fronte a que pode realizarse en unidades ou centros de educación especial. En todo caso, a escolarización distinta da ordinaria deberá estar avalada por un ditame de escolarización elaborado polos servizos de orientación, no cal se recollerán as conclusións dunha avaliación psicopedagóxica do alumno; as indicacións sobre a proposta curricular axeitada e, de ser o caso, sobre os recursos persoais e materiais necesarios; a proposta de escolarización, e a opinión das familias sobre este último punto.

Co fin de implicar ao máximo ás familias, un dos propósitos de base do texto é que as nais, pais e titores legais recibirán información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, e das medidas que se van adoptar para a súa atención nos centros educativos.

Implicar a toda a sociedade

O novo decreto de atención á diversidade busca a implicación do conxunto da comunidade educativa e incluso de toda a sociedade na tarefa de acadar unha educación inclusiva na cal se atendan debidamente as particularidades do alumnado. Nesta liña, e co fin de lograr os mellores resultados, avógase pola colaboración con entidades, asociacións e outras organizacións relacionadas coa atención á diversidade, a coordinación intercentros e a participación das familias. Ademais, fomentárase a investigación e a innovación neste eido, rexendo todas estas accións polo principio da mellora continua da calidade.

O decreto de atención á diversidade é unha nova mostra do compromiso do Goberno galego coa atención ás necesidades de atención educativa do alumnado galego, co obxectivo de que cada un dos estudantes teña todas as oportunidades para acadar o éxito escolar. Trátase, ademais, dunha aposta pola educación inclusiva e por unha sociedade plural, valorando como enriquecedoras as diferenzas e favorecendo o máximo desenvolvemento, tanto académico como persoal das nenas e nenos.

MEDIO RURAL ESTABLECE UN MARCO NORMATIVO PARA POTENCIAR O SECTOR VITIVINÍCOLA

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regula o potencial de produción vitícola de Galicia***
- ***O texto legal fundaméntase na refundición da normativa, na simplificación de trámites administrativos e na creación da reserva autonómica de dereitos de plantación de viñedo***

O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión de hoxe, o decreto da Consellería do Medio Rural polo que se regula o potencial de produción vitícola de Galicia. Coa aprobación desta norma establécese un marco normativo para protexer o equilibrio territorial e produtivo acadado por este sector en Galicia. O regulamento tamén prevé o apoio á viticultura tradicional galega -que conta cun gran predominio de pequenas explotacións familiares-, así como a defensa dunha verdadeira política vitícola de calidade.

En termos de mellora e cambio coa situación previa, a norma dispón uns obxectivos estratéxicos. O primeiro consiste en preservar o patrimonio vitícola de Galicia, dentro do seu ámbito rural, ambiental e turístico. En segundo lugar, pretende nutrir a reserva autonómica de dereitos de plantación de viñedo para a súa posterior distribución entre os viticultores que os soliciten. Tamén recolle a potenciación da utilización e actualización do Rexistro Vitícola de Galicia (RVG). No seguinte punto, figura a promoción e desenvolvemento sustentable do cultivo da vide, preservando as mellores tradicións galegas dentro deste campo. E, finalmente, fixa a redución de carga administrativa nos procedementos incluídos no decreto.

Tramitación electrónica

O texto legal ten como fundamentos a refundición da normativa, a simplificación de trámites administrativos e a creación da reserva autonómica de dereitos de plantación de viñedo. Desde esta base intégrase, nunha soa norma, a ampla e complexa regulamentación vitivinícola comunitaria e a normativa de carácter básico estatal. Conséguese, asemade, unha maior seguridade xurídica, con normas máis simples, claras e eficaces, que garantan o equilibrio entre a oferta e a demanda.

Neste contexto, configúrase o acceso público á consulta do Rexistro Vitícola de Galicia (RVG) vía internet, a través da Oficina Agraria Virtual (OAV), así como a tramitación electrónica dos procedementos administrativos específicos do sector vitivinícola. Nesta liña aténdese á simplificación da documentación e a relación coas persoas viticultoras, que redunde no seu beneficio e, en xeral, no de todo o sector vitícola de Galicia.

Con esta normativa promóvese o desenvolvemento sustentable do cultivo da vide, preservando as mellores tradicións da viticultura tradicional galega.

Instrumento esencial

A regulación do potencial de produción vitícola é un dos instrumentos esenciais para acadar o equilibrio do mercado vitivinícola no marco da Organización Común do Mercado (OCM) na Unión Europea.

A regulación contida nesta norma efectúase mediante decreto, dado que se trata dunha materia de carácter marcadamente técnico, intimamente vinculada á regulamentación comunitaria e ao seu desenvolvemento pola lexislación básica estatal.

Valores destacables

Na liña de consolidar unha política vitivinícola de calidade, a posición do Goberno galego é firme no mantemento do réxime de dereitos de plantación. Con esta norma, a Consellería do Medio Rural aposta pola ordenación territorial do sector, fronte a posibles desequilibrios; e o desenvolvemento sustentable do cultivo da vide, fronte a un escenario crecentemente globalizado e puramente economicista.

Pero tamén traballa a prol da preservación das mellores tradicións vitícolas e das viníferas autóctonas galegas, fronte a certas modas; e , como non podía ser menos, pola zonificación vitícola de especial protección, cun merecido recoñecemento á viticultura considerada heroica, de montaña e/ou en forte pendente.

A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DO GROVE INVESTIRÁN 1.350.000 EUROS NA CONSTRUCIÓN DUN NOVO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO

- ***O Consello da Xunta autorizou un convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o concello co fin de acometer as obras***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello do Grove para a construción dun novo pavillón polideportivo, no cal se investirán un total de 1.350.000 euros. O financiamento das novas instalacións correrán a cargo da Xunta a través da Secretaría Xeral para o Deporte, do Concello do Grove e a Sociedade Pública de Investimentos (SPI Galicia).

Coa autorización do dito convenio dásele resposta a unha reiterada demanda do concello de contar cunhas instalacións axeitadas ás demandas dos deportistas locais, que contará cunha capacidade de preto de 500 espectadores.

Logo de diferentes análises e estudos, a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello do Grove acordaron construír un pavillón polideportivo municipal con capacidade suficiente para xogar partidos oficiais de varias disciplinas deportivas, entre as que destacan baloncesto e fútbol sala.

A XUNTA E O CGPX COLABORAN PARA OPTIMIZAR O INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN A TRAVÉS DAS NOVAS TECNOLOXÍAS E IMPULSAR O EXPEDIENTE XUDICIAL ELECTRÓNICO

- ***O obxectivo final do acordo é poñer á disposición das oficinas xudiciais galegas o acceso á plataforma de interoperabilidade do CGPX, e a toda a información e servizos que se prestan a través dela***
- ***Trátase de aunar esforzos entre ambas as administracións para acadar o obxectivo de que os distintos sistemas informáticos existentes poidan interoperar adecuadamente***
- ***Búscase facilitar o máximo aproveitamento das tecnoloxías da información e as comunicacións na actividade xudicial, en condicións de eficacia, eficiencia e calidade***

A Xunta de Galicia e o Consello Xeral do Poder Xudicial colaborarán para optimizar o uso da plataforma de interoperabilidade do CGPX e impulsar a implantación do expediente xudicial electrónico. Así se recolle nun protocolo de colaboración aprobado hoxe no Consello do Goberno galego e que asinarán a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e o CGPX.

O obxectivo final do acordo é poñer á disposición das oficinas xudiciais galegas o acceso á plataforma de interoperabilidade do CGPX, denominada Punto Neutro Xudicial, e a toda a información e servizos que se prestan a través del. Esta plataforma tecnolóxica foi posta en marcha en 2002 e actualmente ofrece 34 servizos e consultas ás oficinas da Administración de xustiza e prevese que, neste ano, acade os 15 millóns de visitas anuais.

Entre as liñas de colaboración que establece o protocolo prevese, ademais de manter e optimizar a infraestrutura do Punto Neutro Xudicial, desenvolver novos servizos e facilitar a integración da aplicación de xestión procesual cos servizos que se prestan a través desta plataforma.

Para acadar de xeito efectivo os obxectivos propostos o acordo establece tamén a obriga de proporcionar información aos usuarios para lograr un uso adecuado dos servizos actuais e futuros que se presten a través do Punto Neutro Xudicial.

Con este acordo tanto o CGPX e Xunta buscan mellorar a eficiencia dos servizos públicos de atención ao cidadán e o propio funcionamento interno da Administración de Xustiza a través das novas tecnoloxías.

Complemento do Convenio EJIS

Este acordo complementa o marco de cooperación e establecido no Convenio sobre o Esquema Xudicial de Interoperabilidade e Seguridade (EXIS), ao que se adheriu Galicia

no ano 2009 e que busca reforzar a colaboración, no tocante ás tecnoloxías da comunicación e da información no ámbito xudicial. Así, desde a posta en marcha do EXIS trabállase no funcionamento integrado e conxunto de todas as aplicacións informáticas ao servizo da Administración de Xustiza, para acadar o obxectivo común de que os sistemas de información da xustiza poidan interoperar adecuadamente.

Neste sentido, a Xunta de Galicia reforza o seu compromiso co proceso de modernización da Xustiza, ámbito no que está a traballar desde 2010 a través do Plan Senda para a integración das TIC na Xustiza.

O CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN DELEGA AS SÚAS COMPETENCIAS URBANÍSTICAS Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE

- ***A APLU será a encargada dos labores de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo que se executen sen licenza urbanística***
- ***Os ingresos das multas coercitivas e sancións impostas serán repartidos a partes iguais entre a Administración autonómica e o concello***
- ***Con esta adhesión serían 57 os convenios autorizados polo Consello da Xunta, o que supón unha superficie de máis de 4.140 qm² e un beneficio para case 260.000***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de adhesión entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o concello ourensán de Nogueira de Ramuín.

En virtude deste acordo, o municipio delega na APLU o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo, que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunhas das seguintes clases de solo: rústico e urbanizable, mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

A APLU é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo, e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

Ingresos compartidos

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante ao concello.

Cómpre sinalar que a Axencia exercerá estas responsabilidades desde o día seguinte ao da publicación do convenio no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e considérase que a vixencia do convenio será indefinida. Nesta delegación de competencias non se inclúe a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo concello. A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos

emitidos pola axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderá ao concello.

Por último, o concello debe prestar a cooperación e asistencia activa que o organismo autonómico solicite, co fin de levar a cabo un eficaz exercicio das súas competencias; terá tamén que facilitarlle ao persoal da axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como tanta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións; e contribuír ao sostemento económico da axencia nos termos que establece o citado convenio de adhesión.

Concellos adheridos á APLU

Con esta nova adhesión serían 57 os convenios autorizados polo Consello da Xunta. Con isto, a APLU xestiona actualmente 4.146 quilómetros cadrados de superficie correspondentes aos municipios adheridos: 16 na Coruña, 9 en Lugo, 21 en Ourense e 11 en Pontevedra, o que supón 258.888 habitantes.

Concello	Poboación	Territorio (quilómetros ²)
A CORUÑA		
A BAÑA	4528	98
A CAPELA	1439	58
ARES	5628	18,3
ARZÚA	6484	155,4
BOIMORTO	2348	82,4
CABANAS	3105	30
CARIÑO	4617	46,8
CEDEIRA	7511	85,4
DODRO	3024	36,1
LOUSAME	3702	93,6
MIÑO	5628	33
MUGARDOS	5605	12,8
OROSO	6804	72,1
PORTO DO SON	9867	94,6
TOQUES	1416	77,9
VAL DO DUBRA	4481	108,7
LUGO		
BECERREÁ	3276	172,1



BEGONTE	3538	126,8
CASTROVERDE	3110	174,2
LOURENZÁ	2569	62,6
O SAVIÑO	4570	196,6
PANTÓN	2938	146
RIBEIRA DE PIQUÍN	723	73
TRABADA	1436	82,7
O VALADOURO	2209	110,5
OURENSE		
AMOEIRO	2318	39,7
CARBALLEDA DE AVIA	1607	47
CASTRELO DE MIÑO	1981	39,7
CASTRELO DO VAL	1240	122
CORTEGADA	1367	26,9
ENTRIMO	1406	84,5
GOMESENDE	1048	28,3
MACEDA	3153	102
MASIDE	3087	40
NOGUEIRA DE RAMUÍN	5950	100
O BARCO DE VALDEORRAS	14040	85,7
PADERNE DE ALLARIZ	1597	38,8
PARADA DE SIL	729	62,4
PETÍN	1042	30,5
PIÑOR	1430	52,7
SAN AMARO	1335	28,9
TABOADELA	1690	25,2
VERÍN	14237	94,1
VILAMARÍN	2254	56,1
VILARDEVÓS	2382	152,1
PUNXÍN	861	17,1
PONTEVEDRA		
A GUARDA	10404	20,5
CUNTIS	5172	79,8
MEAÑO	5475	27,8
MORAÑA	4349	41,3



NIGRÁN	17869	34,8
OIA	3192	83,3
PONTECESURES	3116	6,7
VILABOA	5935	36,9
FORCAREI	4108	168,4
CALDAS DE REIS	10036	68,2
PONTEAREAS	23316	125,6
TOTAL	258.888	4.146

O CONSELLO DA XUNTA DECLARA A SUPRAMUNICIPALIDADE DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE CERCEDA (A CORUÑA)

- ***Está incluído entre as medidas destinadas a potenciar a economía das zonas produtoras de carbón***
- ***O parque empresarial ocupará unha superficie de máis de 420.000 metros cadrados***
- ***O investimento total previsto para o desenvolvemento da actuación supera os 21 millóns de euros***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o acordo polo que se declara de incidencia supramunicipal o proxecto sectorial do parque empresarial de Cerceda (A Coruña), tramitado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, e que se atopa incluído entre as actuacións do Plan Sectorial de Áreas Empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, que se atopa actualmente en redacción.

O proxecto sectorial do parque empresarial de Cerceda forma parte das medidas orientadas a potenciar o tecido industrial e a creación de emprego no municipio procedendo á transformación de solo necesaria para a implantación de actividades relacionadas fundamentalmente ao comercio, a industria e a almacenaxe e distribución.

A redacción e tramitación deste proxecto sectorial enmarcase no convenio asinado coa consellería de Economía e Industria, para o desenvolvemento de dous proxectos de desenvolvemento de solo industrial en Cerceda e nas Pontes, no marco das medidas destinadas á promoción do desenvolvemento económico alternativo das zonas mineiras do carbón, xa que Cerceda está incluída no programa Rechar (Iniciativa Comunitaria de transformación económica de zonas mineiras do carbón).

Por medio do dito convenio, a Consellería de Industria comprométese a financiar con 400.000 euros o proxecto do parque empresarial de Cerceda, que resulta da ampliación do actual parque empresarial do Acevedo.

Segundo o proxecto sectorial, o parque empresarial de Cerceda ocupará unha superficie total de 420.643,79 metros cadrados, dos que 231.167,31 serán de uso industrial.

O investimento previsto para a execución do parque empresarial de Cerceda ascende, segundo o proxecto sectorial, á cantidade de 21.026.712,21 euros, repartidos como segue:

- Traballos técnicos: 400.000,00 euros.
- Adquisición de terreos: 3.785.794,11 euros.
- Obras de urbanización: 16.840.918,10 euros.

Unha vez declarada a incidencia supramunicipal comezará a tramitación do proxecto sectorial a través dos trámites de exposición pública, presentación de alegacións e avaliación ambiental ata a súa aprobación definitiva del por parte do Consello da Xunta.

Está previsto que unha vez aprobado definitivamente o proxecto sectorial se asine un convenio de colaboración co concello de Cerceda para que sexa o concello quen execute e financie a adquisición do solo do parque empresarial e as obras de urbanización.

A XUNTA AMPLÍA O PROXECTO DE INNOVACIÓN PARA DESENVOLVER BUQUES DE BAIXURA ENERXETICAMENTE EFICIENTES

- ***A iniciativa consiste nun modelo innovador de propulsión eléctrica aplicado aos buques de pesca***
- ***O Consello da Xunta autoriza á Consellería de Economía e Industria a ampliar un ano máis o acordo con EnergyLab***
- ***En 2012 os traballos do proxecto centraránse en recoller e analizar os resultados obtidos desta iniciativa de innovación enerxética***
- ***Economía e Industria apoia este proxecto cunha achega total de máis de 700.000 euros, ao abeiro da estratexia do Goberno de Galicia a prol do aforro e a eficiencia enerxética***
- ***O obxectivo da fase final é establecer con claridade as melloras obtidas no relativo aos consumos, ao custo da operación e ás emisións de CO2***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe á Consellería de Economía e Industria a ampliar ata 2012 o convenio polo que se está levar a cabo un proxecto demostrativo pioneiro destinado a desenvolver un modelo de propulsión eléctrica que poida ser aplicado en buques de pesca de baixura para facelos enerxeticamente eficientes.

A Consellería e Economía e Industria financia este proxecto cunha achega total de máis de 700.000 euros, ao abeiro da estratexia da Xunta de Galicia a prol do aforro e a eficiencia enerxética e mais no incremento no uso das enerxías renovables.

A iniciativa estase a desenvolver en colaboración con EnergyLab e consiste en substituír o sistema de propulsión actual (motor de gasóleo), dunha embarcación asimilable aos barcos de pesca de baixura, por un sistema de propulsión eléctrica co obxecto de mellorar o aforro e eficiencia enerxética. Neste sistema de propulsión, a enerxía eléctrica que alimenta o motor provén de dúas fontes: un conxunto de baterías e unha pila de hidróxeno (H2).

A finalidade deste proxecto é determinar a viabilidade, tanto técnica como económica, da súa implantación no conxunto da frota pesqueira galega de baixura. De xeito que se amplía a duración do convenio a unha terceira anualidade en 2012, de cara a recoller e analizar os resultados desta iniciativa de innovación enerxética.

Nesta última fase do proxecto validaránse as reformas realizadas, e farase a monitorización de consumos enerxéticos do barco tras a obra, par poder analizar, interpretar e contrastar os datos recollidos antes e despois das reforma. O obxectivo da ampliación da fase final do proxecto é establecer con claridade as melloras obtidas no relativo aos consumos, ao custo da operación e ás emisións de CO2.

ECONOMÍA E INDUSTRIA POSIBILITA QUE SE REALICEN EN GALICIA OS ENSAIOS DOS VEHÍCULOS DESTINADOS AO TRANSPORTE TERRESTRE DE ALIMENTOS A TEMPERATURA REGULADA

- ***O Consello declara de incidencia supramunicipal o proxecto de ampliación da ITV de Sada (A Coruña)***
- ***Galicia converterase na segunda comunidade autónoma, ademais de Madrid, na cal se poden pasar este tipo de controis coa nova instalación dun túnel de frío***
- ***O proxecto prevé tamén a construción dun novo espazo para o Arquivo Provincial de Vehículos, titularidade da consellería***

O Consello da Xunta, por petición da Consellería de Economía e Industria, declarou a incidencia supramunicipal do proxecto sectorial de ampliación da Estación de Inspección Técnica de Vehículos (ITV) do Espírito Santo, situada no municipio coruñés de Sada, promovido pola empresa concesionaria da ITV en Galicia, Seguridad y Control, S.A.

A instalación proxectada posibilitará que se poidan realizar por primeira vez en Galicia os ensaios dos vehículos especiais para o transporte terrestre de produtos alimentarios a temperatura regulada, ao incorporar á estación de Sada un túnel de frío, imprescindible para este tipo de controis.

Unha vez postas en marcha estas instalacións Galicia converterase na primeira comunidade autónoma, ademais de Madrid, na cal se poden realizar os ensaios a este tipo de vehículos especiais, o que evitará que os fabricantes e empresarios do sector se teñan que desprazar, co consecuente aforro tanto económico como de tempo.

Na ampliación proxectada para a estación de ITV do concello coruñés de Sada tamén se prevé a construción dun novo espazo para o Arquivo Provincial de Vehículos, titularidade da Delegación Territorial da Coruña da Consellería de Economía e Industria, no cal se garda toda a información dos vehículos matriculados na provincia e que se atopa nas instalacións da concesión.

Despois do acordo ao que chegou hoxe o Consello da Xunta, que é vinculante para o planeamento do Concello de Sada, o proxecto someterase a información pública, ao tempo que se tramitará o expediente de avaliación ambiental estratéxica.

A XUNTA ACOMETERÁ EN SOBER A REMODELACIÓN DO MIRADOIRO COTARRO I-CIVIDADE SOBRE O CANÓN DO SIL POR 176.000 EUROS

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Sober que permitirá emprender esta actuación. O obxectivo do acordo é a posta en valor deste enclave natural para potenciar o seu atractivo patrimonial e turístico***

A Consellería de Cultura e Turismo destinará un total de 176.794 euros para a remodelación no concello lucense de Sober do miradoiro sobre o canón do río Sil que actualmente recibe o nome de Cotarro I e que pasará a denominarse Cividade. Esta actuación de posta en valor será posible tras a aprobación hoxe no Consello da Xunta dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Sober que permitirá potenciar o atractivo turístico e patrimonial deste enclave natural. A actuación será financiada ao con fondos FEDER e FCI.

En virtude do acordo, a Consellería de Cultura e Turismo encargárase de contratar os informes, proxectos obras e direccións de obras que sexan necesarios para o desenvolvemento das actuacións no miradoiro Cotarro I-Cividade, que consistirán na reforma da fachada e nunha nova pérgola. Pola súa parte, o Concello de Sober porá á disposición da Administración autonómica a parcela do Monte Camilo, no lugar da Cividade, para levar a cabo as obras de remodelación.

A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo, enmarca esta actuación no seu obxectivo básico de potenciar os recursos da comunidade, impulsando as accións que diversifiquen a oferta turística e de calidade nos municipios galegos. Trátase de promover un sector turístico galego competitivo, e procurando o equilibrio territorial entre as distintas zonas de Galicia.

Neste sentido, a intervención no Concello de Sober pretende contribuír a que o seu patrimonio sirva de plataforma ao turismo cultural dentro e fóra de Galicia. Na ruta dos miradoiros de Sober, o Cotarro I-Cividade considérase un dos máis fermosos, cun desnivel de case 500 metros e vistas sobre o mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil na marxe de enfronte. A remodelación pretende conservar este enclave natural excelente e potenciar a afluencia turística na zona.

A historia de Sober, no sur lucense, está marcada en gran medida pola súa estratéxica posición xeográfica, en plena Ribeira Sacra, como encrucillada de camiños. As ordes monásticas asentadas nas ribeiras do río Sil e a familia dos López de Lemos, señores de Sober, Ferreira de Pantón e Amarante marcarán en boa parte o acontecer histórico deste municipio. Un dos grandes atractivos turísticos de Sober é o río Sil que, xunto ao río Miño, forma ao seu paso por este concello uns profundos canóns que foron acollendo, desde o século IV, numerosas ermidas e mosteiros que, situados en enclaves naturais

de excepcional beleza, fan da Ribeira Sacra unha das xoias do patrimonio galego e europeo que, en boa medida, conserva as súas notas orixinais.

CULTURA E TURISMO INTERVIRÁ NUN EDIFICIO NAS MINAS DE SAN FINS DE LOUSAME PARA HABILITAR UN ESPAZO GASTRONÓMICO

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura do convenio de colaboración polo que a Consellería de Cultura e Turismo investirá 256.000 euros no Concello de Lousame para a rehabilitación dunha edificación que se transformará nun café bar e restaurante nas Minas de San Fins. Este lugar é un espazo mineiro de características destacadas en Galicia grazas á excepcional conservación das instalacións e da maquinaria que alí se encontran***
- ***Con esta nova oferta de restauración xérase un atractivo complementario á visita ás Minas, ao tempo que é un negocio que dinamizará o espazo, creará postos de emprego e rendibilidade no contorno***
- ***As Minas de estaño e volframio de San Fins están inventariadas como Punto de Interese Xeolóxico, que segundo o IXME (Instituto Xeolóxico e Mineiro de España) convén preservar para a investigación e o seu uso turístico***

A Consellería de Cultura e Turismo destinará un total de 256.000 euros na rehabilitación dunha edificación que será transformada nun café bar e restaurante nas Minas de San Fins en Lousame, na provincia da Coruña. Esta acción de potenciación dos recursos turísticos deste poboado mineiro materialízase despois de que o Consello da Xunta aprobara hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Lousame, que será financiada con fondos FEDER, dentro do programa 'Axuda á mellora dos servizos turísticos: recuperación arquitectónica de inmobles para uso turístico'.

Deste xeito, a Consellería de Cultura e Turismo realizará esta actuación nas Minas de San Fins co obxectivo de potenciar o uso turístico deste espazo histórico que contribuirá a dinamizar este municipio. É importante recordar que este lugar é un espazo mineiro de características destacadas en Galicia grazas á excepcional conservación das instalacións e a maquinaria que alí se encontran. Pola súa banda, o Concello de Lousame encargárase da xestión, mantemento e conservación do café bar restaurante, e comprométese a garantir o seu funcionamento por un período mínimo de cinco anos.

As Minas de estaño e volframio de San Fins en Lousame están inventariadas como Punto de Interese Xeolóxico, que figura no inventario Nacional de Puntos de Interese Xeolóxico realizado polo IXME (Instituto Xeolóxico e Mineiro de España) en Galicia nos anos 1980-82. Posteriormente, en 1983 o IXME publicou o libro 'Puntos de Interese Xeolóxico de Galicia' onde incluíu as Minas de San Fins. O inventario do IXME é resultado dun proxecto no cal se quixo pór de manifesto aqueles lugares de interese científico, didáctico ou recreativo, que permiten recoñecer, estudar e interpretar a evolución xeolóxica dunha rexión. Trátase dos elementos máis relevantes da xeoloxía de cada rexión que convén preservar para a investigación, o ensino e, en determinados casos, para o seu uso turístico e recreativo.

O IXME está a realizar traballos, en coordinación con Concello de Lousame, para pór en valor elementos xeolóxicos e mineiros (afloramentos xeolóxicos, estruturas mineiras). Estes traballos realízanse no marco do proxecto europeo Atlanterra, que aglutina a nove socios das antigas rexións mineiras de vertente atlántica europea, que desexan conservar mellor o seu patrimonio mineiro co fin de crear novas formas de riqueza, promovendo a posta en valor dalgún dos centros mineiros históricos como foco de atracción turística e cultural. Esta singularidade é a que explica a necesidade da actuación proposta para incidir favorablemente no impacto turístico dunha zona de primeira orde no referido á rama da arqueoloxía industrial.

O motor económico de Lousame no século XX

A historia documentada das Minas de San Fins comeza cando o británico Sir Thomas Burbury chegou á area de Noia na década de 1880 e solicitou unha concesión mineira de estaño que máis tarde doaría ao seu sobriño Sir Henry Winter Burbury. Este xacemento chega a ser o motor económico de Lousame e de toda a comarca nas décadas centrais do século XX.

A maior importancia das Minas de San Fins correspóndese coas anos 40 e 50 do século pasado cando comeza tamén a extracción do volframio, un mineral que había en gran cantidade e con moita pureza. Nos arredores da infraestrutura mineira, debido ao gran número de xente que alí traballaba constrúese un poboado para o uso dos traballadores da empresa (o Cuartel Novo, o Cuartel Vello, as Casa Baratas, a Casa do Páramo, etc.). A partir da década dos 60 o prezo dos minerais foi decaendo e con el o progresivo abandono da explotación e dos edificios.

O CONSELLO DA XUNTA DECLARA DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL O PLAN SECTORIAL QUE PERMITIRÁ DESENVOLVER MÁIS DE 42 MILLÓNS DE METROS CADRADOS DE SOLO INDUSTRIAL PARA OS VINDEIROS ANOS

O Consello da Xunta acordou hoxe declarar como de incidencia supramunicipal o Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia e determina que é a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través do IGVS, o órgano competente para a elaboración, o impulso e a tramitación do procedemento para a súa aprobación.

O inicio do procedemento para a elaboración e aprobación deste plan sectorial foi acordado polo Consello da Xunta o pasado 18 de febreiro de 2010.

Unha vez declarada a incidencia supramunicipal o plan será sometido a exposición pública polo prazo de dous meses, prevéndose a súa aprobación definitiva despois do verán de 2012.

O plan sectorial ordenará unha superficie de solo empresarial de máis de 42,7 millóns de metros cadrados que se desenvolverán ata os vindeiros anos, cun investimento estimado que supera os 2.500 millóns de euros.

Obxectivos

O Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivos fundamentais cuantificar e localizar a superficie necesaria de solo empresarial que debe urbanizarse no ano horizonte do plan sectorial para cubrir as necesidades da demanda estimada e, ao mesmo tempo, definir os ámbitos do territorio susceptibles de acolleren actuacións de carácter empresarial para cubrir a longo prazo as necesidades de solo empresarial derivadas da aplicación das directrices de ordenación do territorio, mediante o estudo da capacidade de acollida do territorio para actividades empresariais.

Con obxecto de abordar a planificación, e con carácter previo, realizouse unha análise de todo o territorio da comunidade autónoma, análise encamiñada a determinar as zonas do territorio que poderán considerarse susceptibles de acoller áreas de solo destinado a uso empresarial, tendo en conta os aspectos relativos ao medio físico, estrutura do territorio, características socioeconómicas, valores ambientais, paisaxísticos ou estratéxicos, elementos do patrimonio cultural, redes de infraestruturas viarias, ferroviarias, nodos de transporte, infraestruturas de servizos, etc.

O desenvolvemento do plan sectorial permitirá cubrir os déficits de solo empresarial, tratando de reducir os desequilibrios intercomarcais existentes na actualidade, a través de actuacións na propia comarca ou por medio do superávit de solo empresarial existente nas comarcas adxacentes.

Entre os obxectivos do plan destaca a priorización das actuacións previstas que se localizan en zonas con demanda de solo empresarial, compatibilizando ao mesmo tempo o seu desenvolvemento coa defensa do ambiente, a paisaxe e o patrimonio cultural.

Oferta e demanda

Para a elaboración do Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia tivéronse en conta tanto a realidade actual do solo empresarial en Galicia como a súa futura demanda.

Pártese da análise do solo empresarial que na actualidade ofertan tanto os organismos dependentes ou relacionados coa Xunta de Galicia (IGVS, Xestur, SEA) como de outros organismos públicos e entidades privadas, considerando o solo xa dispoñible e o que se atopa actualmente en execución ou previsto.

Doutra banda, para a estimación da futura demanda realizáronse enquisas e entrevistas a empresas galegas, órganos administrativos, axentes sociais e económicos co obxectivo de cuantificar a futura demanda de solo empresarial en Galicia e a localización da dita demanda.

Finalmente, complementouse o estudo de mercado coa utilización dun “modelo estatístico” que, utilizando diversas variables socioeconómicas, baseábase na evolución das vendas de solo empresarial desde o ano 2000, para realizar a proxección das necesidades de solo empresarial cara ao futuro.

Finalmente, tamén se realizou un estudo das vendas de solo empresarial desde o ano 2000 para realizar unha proxección delas cara ao futuro.

En calquera caso, as estimacións de demanda de solo empresarial saídas dos estudos realizados veranse reforzadas ou reaxustadas polos datos reais que ofrecerá o Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial en cuxa creación traballa actualmente o Instituto Galego da Vivenda e Solo.

A ACTIVIDADE INSPECTORA DE SANIDADE NO CONTROL DAS INCAPACIDADES TEMPORALES PERMITE UN AFORRO ANUAL MÍNIMO DE 13,3 MILLÓNS DE EUROS Á SEGURIDADE SOCIAL

- *O control realizado posibilitou aforrar preto de 3 euros ao mes da cotización de cada traballador afiliado na comunidade autónoma*
- *Isto supón un verdadeiro incremento de rendemento e produtividade en todos os sectores empresariais*

A estratexia implantada no control e xestión da incapacidade temporal (IT) pola Consellería de Sanidade permitiu que o custo que cada traballador achega da súa cotización á Seguridade Social para o financiamento do subsidio económico de todas as baixas laborais activas en Galicia sexa un 9% menor no ano 2011 que no ano 2008.

Así, este ano, mentres que no Estado a redución media no indicador económico de gasto da IT (custo-afiliado-mes) foi dun 5,37%, na comunidade autónoma conséguese o dobre de diminución, cun 10,36%.

Neste sentido, en Galicia pasouse dun custo mensual por afiliado de 36,03 euros no ano 2008, a 33,06 euros no ano 2011. Polo tanto, estanse a aforrar case 3 euros ao mes da cotización de cada traballador afiliado en Galicia que se poden destinar a outros servizos públicos básicos, o que significa un aforro anual mínimo de 13,3 millóns de euros respecto da poboación cuberta polo INSS (ao que habería que sumar o do colectivo de poboación cuberto polas mutuas).

Preto de 20 millóns grazas ao cumprimento dos obxectivos

Doutra banda, a estratexia implantada pola Consellería de Sanidade no control do absentismo laboral en traballadores pertencentes ao réxime xeral da Seguridade Social supuxo un grande impulso para a consecución das actividades de control de incapacidade temporal (IT) conveniadas entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Traballo e Inmigración.

O incremento da produtividade, rendemento e compromiso no cumprimento do control de incapacidade temporal (IT) por parte do persoal da Inspección da Consellería de Sanidade permitiu que este ano, por primeira vez, se conseguise ingresar practicamente toda a asignación potencial dispoñible para a Xunta de Galicia recollido no acordo asinado co devandito ministerio, cuxos resultados económicos están ligados á consecución dos obxectivos conveniados.

Así, a actividade realizada polas unidades de saúde laboral dos servizos de Inspección de Servizos Sanitarios e a Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación da Consellería de Sanidade supuxo a execución do 99% das actividades conveniadas con

este ministerio. Isto supuxo que a Xunta ingresara un total de 19.508.790,33 euros en 2011 por este concepto.